Nota de Prensa

NOVIDADE EDITORIAL

EDITORA alvarellos

# 14 historiadores debaten sobre emigración e exilio entre 1875 e 1951





FICHA: Páxinas 418. Formato: 15,5 x 23 cms.
ISBN 978-84-18567-26-1. PVP: 23, 90 €


**Esta obra reúne os traballos de catorce especialistas que, en 2017, se reuniron en Santiago de Compostela para reflexionar e debater sobre un tema estrela do Grupo Organistrum: «O espello de Galicia en América: ideoloxía, emigración e exilio (1875-1951)», datas que enmarcan dende o gran movemento migratorio galego a América Latina ata a aparición da Xeración do 51, límite que reflicte as consecuencias da represión franquista.**

*Santiago de Compostela, verán, 2022.-* O presente volume, *Galicia-América. Cantos de emigración e exilio (1875-1951)* reúne os traballos de catorce especialistas que, en 2017, se reuniron en Santiago de Compostela para reflexionar e debater sobre un tema estrela do Grupo Organistrum: «O espello de Galicia en América: ideoloxía, emigración e exilio (1875-1951)», datas que enmarcan dende o gran movemento migratorio galego a América Latina ata a aparición da Xeración do 51, límite que reflicte as consecuencias da represión franquista.

O grupo de investigación Organistrum está dedicado aos estudos históricos sobre música en Galicia, polo que nesta obra se tratan a fondo aspectos como a capacidade da música de expresar a identidade colectiva, ou como é quen de chegar a todas as clases sociais.

Tamén se dá conta nestas páxinas da enorme importancia dos centros galegos como núcleos de socialización e fomento de actividades, non só musicais senón tamén teatrais, danza, etc.

Finalmente, recóllense traballos centrados nas figuras clave de Perfecto Feijóo, Carlos López García-Picos, Carlos Chávez ou Jesús Bal y Gay.

A edición estivo a cargo de **Monsterrat Capelán** e **Carlos Villanueva.** (Textos en galego e castelán).

**Autoría**

XOSÉ NÚÑEZ SEIXAS
JUSTO BERAMENDI
CARMEN BECERRA
JUAN FRANCISCO SANS
MARIANTONIA PALACIOS
VICTORIA ELI RODRÍGUEZ
JULIO OGAS
INMACULADA MATÍA POLO
JAVIER GARBAYO
JOSÉ ANTONIO CANTAL MARIÑO
MARÍA FOUZ
JAVIER ARES
CONSUELO CARREDANO
CARLOS VILLANUEVA